

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Este libro non me gustou moito, a dicir verdade. Quizais é porque é un libro de relatos e nunca me atraeron os libros de relatos. Aparte, hai que destacar unha presenza abundante de historias relacionadas coa Igrexa, o franquismo e a fantasía, que ás veces resultan pesadas por darse o mesmo tema varias veces. Aínda que teño que dicir que hai algunhas historias que ... realmente gustáronme e deume pena que se remataran. **(Paula)**

2. *Tarxeta vermella* é un libro de relatos no que prima a temática fantástica e irreal enfocada aos ámbitos máis escuros do ser humano, tales coma a violencia, o castigo, o temor, e incluso ata a ética. Así, todos os relatos contan sucesos irrealis e inexplicábeis que lle ocorren a personaxes distintos e que normalmente acaban de mala maneira. Na miña opinión, *Tarxeta vermella* é un bo libro, que sobre todo é impactante e cunha lectura absorbente que te deixa con ganas de máis. A extensión dos relatos gustárame que fose máis proporcionada e igualada, xa que hai relatos que teñen varias páxinas e outros só teñen dúas ou tres. A forma de narrar os acontecementos gustoume moito, cóntase ata o máis pequeno detalle cunha narración pausada e cun estilo propio, que en "demolición", "tarxeta vermella" e "na terra sombría" é cando máis se nota. Ademais, altermase a narración en primeira e en terceira persoa, dependendo dos relatos, e na miña opinión, os que se narran desde a perspectiva do protagonista teñen historias máis traballadas e enténdense mellor. Porque hai algúns relatos, que, ou ben non teñen ningún sentido, ou eu non os entendín moi ben. "A freira peregrina", "ego sum via" ou "dúas postais de Lugo" son exemplos destes relatos que me custaron entender, e polo tanto os que menos me gustaron. Pola contra, todos os demais, e especialmente "seis dedos", "demolición", "tarxeta vermella", "atasco" e "na terra sombría" gustáronme moito, e son emocionantes de principio a fin. Mención especial a "na terra sombría", relato co que se cerra o libro, que me causou unha impresión brutal, polas cousas que conta e pola maneira de contalas. Unha historia que se ben non cheguei a entender completamente, mantén durante toda a súa duración o ritmo de acción, e que cada vez se fai máis interesante, cun final que descoloca. De feito, non é o único relato que no final cambia todo radicalmente, aspecto que valoro positivamente e que fai que me guste aínda máis este libro. En conclusión, o libro gustoume moito en case todos os aspectos, e a excepción duns poucos relatos, é inmejorable. Aínda que os libros de relatos curtos que non teñen ningunha relación entre si non é o meu xénero favorito, *Tarxeta vermella* é unha excepción e pasa a ser un dos mellores libros que lín en galego nos últimos anos, grazas á súa temática escura, que é moi orixinal, e tamén ó seu fenomenal nivel narrativo. **(Roberto)**

3. O libro *Tarxeta vermella* gustoume moito. A maioría dos relatos parecéronme moi entretidos, aínda que algúns trataban temas non moi interesantes para min. O libro está formado por historias cunha característica común: en todas elas hai unha sensación de medo cara alguén ou algo e a transmisión dunha angustia que non se pode remediar. O relato que máis me chamou a atención foi *Seis dedos*, porque me sorprende a actitude do protagonista cando coñece que ten unha xenética diferente ás demais persoas. Os que máis me gustaron foron *Partenoxénese* e *Os nenos perdidos*. O primeiro pareceume moi interesante, xa que ademais de ser unha das poucas historias que se dan na época moderna, fai unha reflexión moi boa sobre a vida. O segundo tamén me gustou porque relata a historia dende a inocencia dun neno. Sen embargo, outros relatos relixiosos e históricos parecéronme moi pouco atractivos. En conclusión, un libro moi entretido e fácil de ler. **(Teresa)**

4. Teño que dicir que cando comecei a ler o libro, pensei que todos os relatos ían ser do estilo de "A porta" e "A noite nas fervenzas". Tiven que lelos moi paseniño e prestando moita atención xa que non entendía nada. A maioría dos relatos tratan temas relacionados coa relixión e con cousas da guerra, o que fixo que o libro non me enganchara moito. O relato que máis me gustou foi "Un cuarto con dúas camas". Gústanme moito os temas relacionados co paranormal, etc., por iso este relato o lín dun tirón, sen levantar a vista do papel, pero fíxoseme demasiado curto. Penso que é un bo argumento para facer unha novela de misterio. O que tamén me chamou a atención foi que o libro tivese como título o nome dun dos relatos. Penso que non é o mellor

relato do libro. Outro aspecto que non me gustou é que na maioría dos relatos describe as cousas moi detalladamente e faime a lectura moito máis lenta. En resumo, tratándose dun libro de relatos, penso que, por exemplo, "Erros e Tánatos" está moito mellor escrito ca "Tarxeta vermella". **(Andrea)**